



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Hábitat Básico	Código	630G02062	
Titulación	Grao en Estudos de Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Quinto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalegoInglésPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e AeronáuticasExpresión Gráfica ArquitectónicaProxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Lizancos Mora, Plácido	Correo electrónico	placido.lizancos@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Alvarez, Jorge	Correo electrónico	jorge.ralvarez@udc.es	
Web	www.udc.gal/dhabitat			
Descrición xeral				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A16	Capacidade para concibir, calcular, deseñar, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar instalacións de subministración, tratamento e evacuación de augas, de calefacción e de climatización. (T)
A20	Aptitude para valorar as obras.
A25	Coñecemento axeitado dos sistemas construtivos convencionais e a súa patoloxía.
A26	Coñecemento axeitado das características físicas e químicas, os procedementos de produción, a patoloxía e o uso dos materiais de construción.
A28	Coñecemento da deontoloxía, a organización colexial, a estrutura profesional e a responsabilidade civil.
A29	Coñecemento dos procedementos administrativos e de xestión e tramitación profesional.
A34	Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos básicos e de execución, esbozos e anteprojectos. (T)
A40	Capacidade para exercer a crítica arquitectónica.
A46	Capacidade para aplicar normas e ordenanzas urbanísticas.
A49	Coñecemento axeitado da historia xeral da arquitectura.
A50	Coñecemento axeitado dos métodos de estudo dos procesos de simbolización, as funcións prácticas e a ergonómia.
A51	Coñecemento axeitado dos métodos de estudo das necesidades sociais, a calidade de vida, a habitabilidade e os programas básicos de vivenda.
A53	Coñecemento axeitado das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental, así como dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos.
A55	Coñecemento axeitado da relación entre os patróns culturais e as responsabilidades sociais do arquitecto.
A56	Coñecemento axeitado das bases da arquitectura vernácula.
A57	Coñecemento axeitado da socioloxía, teoría, economía e historia urbanas.
A59	Coñecemento dos mecanismos de redacción e xestión dos planos urbanísticos a calquera escala.
A64	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Expresión Gráfica Arquitectónica no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010
A65	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Matemáticas no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010
A67	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Proxectos no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010
A69	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Urbanismo no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010
A70	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Construción no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010
A71	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Instalacións no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010
A72	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Estruturas no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010



B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Coñecer a historia e as teorías da arquitectura, así coma as artes, tecnoloxías e ciencias humanas relacionadas con esta
B9	Comprender os problemas da concepción estrutural, de construción e da enxeñería vinculados cos proxectos de edificios así como as técnicas de resolución destes
B10	Coñecer os problemas físicos, as distintas tecnoloxías e a función dos edificios de xeito que se dote a estes de condicións internas de comodidade e protección dos factores climáticos, no marco do desenvolvemento sostible
B11	Coñecer as industrias, organizacións, normativas e procedementos para plasmar os proxectos en edificios e para integrar os planos na planificación
B12	Comprender as relacións entre as persoas e os edificios e entre estes e o seu entorno, así como a necesidade de relacionar os edificios e os espazos situados entre eles en función das necesidades e da escala humana
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultura da sociedade

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



1. Visibilizar as problemáticas actuais en materia de hábitat tanto en ámbitos locais como internacionais ben sexa en sociedades opulentas como en contextos de crise.	A16 A20 A25 A26 A28 A29 A34 A40 A46 A49 A50 A51 A53 A55 A56 A57 A59 A64 A65 A67 A69 A70 A71	B1 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B11 B12	C4 C6 C8
2. Coñecer os dereitos asociados: dereito ao hábitat, dereito á vivenda e dereito á cidade.	A16 A20 A25 A26 A28 A29 A40 A51 A57 A59 A64 A65 A67 A69 A70 A72	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B11	C1 C3 C4 C6
3. Recoñecer os procesos formais e non formais de construción do hábitat dende unha perspectiva complexa, que inclúe a análise do conflito de clases e de xénero, a consideración do impacto medioambiental e o entendimento das tensións existentes entre as diversas nacións e os seus sistemas culturais.	A28 A29 A34 A40 A46 A49 A50 A53 A55 A56 A57	B6	C4



4. Desenvolver capacidades técnicas para a implementación de tecnoloxías apropiadas nos proxectos de hábitat.	A16 A20 A25 A26 A28 A29 A34 A70 A71 A72	B9 B10 B11	C6 C8
5. Visibilizar os vínculos entre as diferentes disciplinas que actúan sobre o hábitat: arquitectura, enxeñerías, economía, política, antropoloxía, ciencias sociais, educación, saúde?	A16 A20 A25 A26 A28 A29 A34 A40 A46 A49 A50 A51 A53 A55 A56 A57 A59 A64 A65 A67 A69 A70 A71 A72	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B11 B12	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. DEREITO Á VIVENDA E Á CIDADE	1.1. Perspectiva complexa do hábitat 1.2. Os dereitos humanos, o dereito á vivenda e o dereito á cidade.
2. HABITABILIDADE: O TEITO	2.1. Habitabilidade básica: definición, estándares; a habitabilidade precaria e a habitabilidade suntuaria. 2.2. A dotación de habitabilidade básica: políticas de vivenda 2.3. Patoloxías da habitabilidade 2.4. Habitabilidade e calidade de vida. O desenvolvemento humano.
3. HABITAT: A AGREGACIÓN DE TEITOS	3.1. Habitat básico: definición e estándares. 3.2. Tipoloxías de hábitat básico. 3.3. A dotación de habitat básico: políticas formais e informais. 3.4. Patoloxías do habitat



4. TECNOLOXÍAS APROPIADAS PARA O HÁBITAT BÁSICO	4.1. Tecnoloxías para o teito: estabilidade e confort. A emerxencia. 4.2. Tecnoloxías para o hábitat colectivo: enerxía, augas, lixo. 4.2. Tecnoloxías e procesos construtivos sustentables.
5. A INTERVENCIÓN SOCIAL NO HÁBITAT	5.1. Conceptos e actores na xestión social do hábitat 5.2. Políticas de xestión do hábitat 5.3. Diagnóstico social 5.4. Conflito e hábitat: xénero, medio ambiente, loita de clases e transculturización. 5.5. Técnicas de intervención social.
6. HABITAT BÁSICO EN GALICIA	6.1. A vivenda autoxestionada. 6.2. Procesos urbanizadores informais.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A40 A51 A53 A55 A57 A64 A65 A67 A69 B2 B5 C1 C3 C7	1	15	16
Lecturas	A16 A20 A25 A26 A28 A29 A34 A40 A46 A49 A50 A51 A53 A55 A56 A57 A59 A70 A71 A72 B1 B3 B4 B6 B9 B10 B11 B12 C4 C5 C6 C8	0	10	10
Sesión maxistral	A16 A20 A25 A34 A40 A50 A51 A53 A55 A56 A57 A70 A71 A72 B6 B9 B10 B11 B12 C4	9	0	9
Saídas de campo	A40 A55 A56 A57 B3	5	0	5
Aprendizaxe colaborativa	B3 B4 B6 B9 B10 B11 B12 C4 C5 C6	5	5	10
Traballos tutelados	A16 A20 A25 A26 A28 A29 A34 A40 A46 A49 A50 A51 A53 A55 A56 A57 A59 A70 A71 A72 B6 B9 B10 B11 B12 C4 C5 C6	20	75	95
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	O corazón das actividades que os alumnos desenvolverán será un traballo práctico, de análise crítico de asuntos de interese docente referidos ao Hábitat, as súas estratexias, procesos e outras circunstancias, nalgún ámbito determinado. Entendemos que a escolla dese ámbito forma parte do Traballo Tutelado e neste caso é unha actividade de extrema importancia xa que o resultado da investigación que realice cada estudante depende en boa maneira nunha axeitada e ben formulada elección do ámbito de estudo e do establecemento das hipótesis apropiadas de traballo para aquel. Por esta razón esta actividade ten de ser meticulosa, requirindo un grande empeño persoal do estaudante alén das aulas.
Lecturas	Boa parte dos materiais sobre os que se sustentará a análise que se deberá realizar o alumno haberán de ser localizados en fontes escritas, por iso espérase unha ampla dedicación á procura hemerográfica. Ademais diso, dada a actualidade dos temas abordados nesta materia e o seu impacto social faise necesario acudir a fontes bibliográficas vivas, non necesariamente procedentes do ámbito da arquitectura, para construír os discursos teóricos necesarios.
Sesión maxistral	O profesorado presentará os contidos que conforman o corpo teórico da materia. Previamente os alumnos poderán ser requiridos a realizar algunhas lecturas sobre o tema. De igual maneira tras o desenvolvemento das sesións maxistrais, o alumnado pode ser requirido a debater os asuntos expostos.
Saídas de campo	Realizarase unha ruta crítica -peonil ou ciclista- a través de tecidos urbanos caracterizados pola súa diversidade morfolóxica e a presenza dun parque edificado representativo de todas os procesos formais e informais de construción do hábitat. Ao longo da ruta sucederanse sesións críticas colectivas, acompañadas de leccións disparadoras. Esta ruta realizarase nunha contorna próxima á Escola de Arquitectura, que os alumnos cren coñecer.
Aprendizaxe colaborativa	A construción do hábitat é un acto social por antonomasia. A cooperación é unha estratexia de traballo frecuente neste ámbito. E a inclusividade é unha das metas que se deben conseguir. As aulas non poden ser alleas a isto polo que a aprendizaxe colaborativa será unha metodoloxía recorrentemente usada.
Traballos tutelados	O obxectivo da materia é adestrar ao estudante na análise para a intervención, procurando fontes de información diversas e apoiándose no traballo de campo. Todo isto estrutúrase nun Traballo Tutelado, que haberá de realizarse ao longo do período docente dacordo cunha metodoloxía científica e acompañándose ás leccións teóricas impartidas polo profesorado. Producirase un documento final no que tódolos seus contidos deberán ser expresados con estratexias comunicativas axeitadas. avanzadas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Traballos tutelados	O alumno deberá requirir atención individualizada na fase inicial do curso, cando se elixe o ámbito do seu Traballo Tutelado e quedan definidas as hipóteses sobre as que este será construído. Noutra orde de cousas, o Traballo Tutelado é o ámbito por antonomasia onde o alumnado hase de apoiar de forma continuada no profesorado de forma personalizada. A atención personalizada desenvolverase nas clases prácticas, sen alterar o traballo colectivo do grupo. En determinados supostos, como por exemplo períodos de alta intensidade de traballo previos a puntos críticos do workflow, poderanse realizar titorías individuais ou en pequeno grupo nas aulas destinadas a este fin na oficina do profesorado no Edificios de Departamentos.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	A40 A51 A53 A55 A57 A64 A65 A67 A69 B2 B5 C1 C3 C7	Requíreselle ao estudante que xustifique razonadamente as primeiras decisións sobre as que posteriormente se apoiará o Traballo Tutelado.	15



Lecturas	A16 A20 A25 A26 A28 A29 A34 A40 A46 A49 A50 A51 A53 A55 A56 A57 A59 A70 A71 A72 B1 B3 B4 B6 B9 B10 B11 B12 C4 C5 C6 C8	A lectura crítica dos textos propostos complementa e no seu caso, predispón a optimizar as achegas das leccións maxistrais. Os coñecementos adquiridos serán valorados no decurso do desenvolvemento do Traballo Tutelado.	5
Sesión maxistral	A16 A20 A25 A34 A40 A50 A51 A53 A55 A56 A57 A70 A71 A72 B6 B9 B10 B11 B12 C4	A atención ao desenvolvemento das leccións maxistrais resulta fundamental para adquirir os coñecementos cos que se desenvolverá o Traballo Tutelado. Os coñecementos adquiridos serán valorados o desenvolvemento do Traballo Tutelado.	10
Aprendizaxe colaborativa	B3 B4 B6 B9 B10 B11 B12 C4 C5 C6	A consecuencia natural das lecturas, as leccións maxistrais e o traballo de campo é a construción colaborativa do coñecemento. Valórase a alta participación do estudante.	5
Saídas de campo	A40 A55 A56 A57 B3	Na saída prevista de campo, identifícanse os temas que posteriormente serán obxecto de estudo na aula. Os coñecementos adquiridos serán valorados o desenvolvemento do Traballo Tutelado.	5
Traballos tutelados	A16 A20 A25 A26 A28 A29 A34 A40 A46 A49 A50 A51 A53 A55 A56 A57 A59 A70 A71 A72 B6 B9 B10 B11 B12 C4 C5 C6	O traballo tutelado, desenvolvido en réxime de taller, é o ámbito de síntese da materia. Aquí concorren os profesores de todas as procedencias co alumnado e verifícase a posta en práctica dos coñecementos adquiridos. Simultaneamente vaise acompañando e impulsando o desenvolvemento intelectual do estudante e do grupo, tutelándose por parte do profesorado a adecuación aos obxectivos didácticos xerais. Valorase a axeitada elección do tema, un apropiado desenvolvemento, demostrando todas as hipóteses establecidas e a produción dun documento final, de carácter científico-tecnolóxico, de altas prestacións comunicativas.	60

Observacións avaliación

O alumno debe asistir ás sesións maxistrais e presentar nas sesións con tipoloxía de taller, os traballos gráficos, maquetas, etc. propostos. A asistencia é obrigatoria polo menos nun 80% ás sesións -tanto teóricas como prácticas- incluíndo a saída de campo e as lecturas. Sen ese requisito, non se poderá aprobar por curso a materia. Para aprobar, o alumno disporá de dúas oportunidades: xuño e xullo. A primeira coincide coa data de entrega do último traballo, e capacitará ao alumno para aprobar por curso. O alumno que non supere esta primeira oportunidade, poderá presentarse a unha segunda, que consistirá nunha proba práctica no mes de xullo. A entrega incompleta do Traballo Tutelado implica que non se seguiu o curso e conduce a unha cualificación de "Non Presentado" nas dúas oportunidades de avaliación salvo que se se realice antes da avaliación final a entrega total do Traballo Tutelado. MOBILIDADE: A docencia a alumnos de programas de mobilidade, adaptarase a condicións pedagóxicas e de traballos tutelados especiais, así como as probas e exames de avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Lefevbre, Henry (). Derecho a la ciudad. - Germán Vargas Callejas e M^a José Caride Delgado, coord. (2014). REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN Nº 58 ? COOPERACIÓN E DESENVOLVEMENTO. Asociación Sociopedagóxica galega - Salas Serrano, J y Gesto, B. (2013). POR UNA TECNOLOGÍA PERTINENTE PARA DOTAR DE HABITABILIDAD BÁSICA A LAS COMUNIDADES RURALES AISLADAS. ICHAB, Madrid - VV. AA. (2015). Procesos Habitados. UDC, A Coruña - Taibo, Carlos (2015). En defensa del decrecimiento. - Arquitectos sen Fronteiras Galicia (2013). Curso Hábitat a Escala Humana. ASF Galicia - VV.AA. (2015). The Habitat III Issue Papers. UN Habitat
----------------------------	--



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Instalacións 2/630G02039
Ordenación do Territorio/630G02057
Estruturas 3/630G02028
Proxectos 6/630G02026
Construción 5/630G02033
Análise Arquitectónico 2/630G02017

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Comunicación gráfica en Arquitectura/630G02053
Actuacións Urbanísticas Contemporáneas/630G02060

Materias que continúan o temario

Traballo Fin de Grao/630G02059

Observacións

A superación desta materia achega ao estudante as ferramentas apropiadas para participar na maioría dos proxectos apoiados polas bolsas PCR (Proxectos de Coñecemento da Cooperación) ofertadas polo Sistema Universitario ou nos proxectos equivalentes da AECID (Agencia Española de Cooperación al Desarrollo).

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías